



Ilmo. Concello do Grove

FRANCISCO JAVIER NOVOA JUIZ, SECRETARIO XERAL DO ILMO. CONCELLO DO GROVE

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria realizada o **26 de xullo de 2017**, adoptou o seguinte acordo:

“ASUNTO: SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DO GROVE

EXPOSICIÓN:

As tecnoloxías da información e das comunicacións (TICs) ocupan un papel fundamental na vida política, social, económica e laboral, tanto no sector privado como no sector público. Por esta razón, a implementación das TICs en todos os trámites que se realicen por e desde o sector público (incluída a administración municipal) é unha necesidade imperiosa que o lexislador vén de transformar nunha obriga para as administracións públicas.

Neste contexto, con data 1 de outubro de 2015 promulgáronse as Leis 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas e 40/2015 de réxime xurídico do sector público. Tal e como sinala a Exposición de Motivos da Lei 39/2015, no seu apartado IV: “...na contorna actual, a tramitación electrónica non pode ser aínda unha forma especial de xestión dos procedementos senón que debe constituír a actuación habitual das administracións. Porque unha Administración sen papel baseada nun funcionamento integramente electrónico non soamente serve mellor os principios de eficacia e eficiencia, ao aforrar custos a cidadáns e empresas, senón que tamén reforza as garantías dos interesados.”

Estas Leis superan o problema de dispersión normativa existente neste ámbito e a superposición de réximes non sempre coherentes entre si, previndo a entrada en vigor diferida dalgunha das materias que regulan ás seguintes datas: 1 de outubro de 2016 e 1 de outubro de 2018.

Porén, para dar soporte á aplicación das materias reguladas nas devanditas Leis con entrada en vigor diferida a 1 de outubro de 2018, é preciso activar os mecanismos necesarios para anticiparnos aos servizos que esta administración debe prestar, dar pleno

Ilmo. Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Ilmo. Concello do Grove

cumprimento aos dereitos establecidos para a cidadanía e para poder prover un funcionamento integramente electrónico da administración municipal. Estas leis apostan por unha administración pública que funcione íntegra e exclusivamente de xeito electrónico e que reduza cargas administrativas e custes económicos á cidadanía e empresas nas súas relacións administrativas. Todo isto reportará eficiencia e competitividade nas relacións coa administración, incluída a administración local.

A fin de acadar que a dita implantación se produza en tempo e forma e en coherencia co disposto na Disposición Final 7ª (que prevé a entrada en vigor diferida ao 1 de outubro de 2018 das sete materias que nela se mencionan) iniciouse no verán de 2016 un plan de implementación da administración electrónica para poder acadar os obxectivos fixados nas relacións con esta administración cuxa entrada en vigor se prevía para o 1 de outubro de 2017.

Deste xeito, se implantou o sistema de xestión electrónica de expedientes Xestiona o que supuxo un gran esforzo de aprendizaxe que aínda agora continúa e que de xeito recíproco entre o provedor e o traballador enriquecese coas achegas de mellora mutuas.

Tras a asunción pola Deputación Provincial a principios do ano 2017 da competencia da administración electrónica en municipios de menos de 20.000 habitantes por atribución do artigo 25.1.g) da Lei 7/85 de 2 de abril, continuouse a presente revolución tecnolóxica que supón un reto tanto para a administración como para o cidadán e especialmente aquel que por obriga legal debe relacionarse electronicamente coa administración a través da correspondente Sede Electrónica.

Neste proceso de implementación efectiva dos medios informáticos, electrónicos e telemáticos (que obrigan á administración a establecer ferramentas que posibiliten o dereito da cidadanía a escoller a canle de comunicación mediante a cal desexan relacionarse coa administración, podendo optar pola canle electrónica en calquera momento que estes decidan, sendo esta canle obrigatoria para as persoas xurídicas), cómpre ter presente o disposto na Disposición Transitoria 4ª da Lei 39/2015 que establece que “Mentres non entren en vigor as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da administración e arquivo electrónico único, as Administracións Públicas manterán as mesmas canles, medios ou sistemas electrónicos vixentes relativos ás ditas materias, que permitan garantir os dereitos das persoas a relacionarse electronicamente coa Administración”.

Ao disposto na Disposición Transitoria 4ª transcrita, hai que engadir que son elementos esenciais nestas novas leis o Portal web ou de internet, a Sede Electrónica e o Rexistro.

O Portal se configura no artigo 39 da Lei 40/2015 como o punto de acceso electrónico cuxa titularidade corresponde a unha administración pública que permite o acceso a través de internet á información publicada e, no seu caso, á sede electrónica correspondente.

Pola súa banda, a Sede Electrónica se define no artigo 38.1 da Lei 40/2015 como aquela dirección electrónica, dispoñible para a cidadanía a través de redes de

Ilmo. Concello do Grove



Ilmo. Concello do Grove

telecomunicacións, cuxa titularidade corresponde a unha administración pública, ou ben a varios organismos públicos ou entidades de Dereito Público no exercicio das súas competencias.

De acordo o artigo 14 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, confórmase a obriga de relacionarse electronicamente coa administración, sen prexuízo da voluntariedade diso, ás persoas xurídicas, persoas físicas colexiadas, entidades sen personalidade xurídica, representantes destes así como os propios empregados públicos. É pertinente por tanto seguir apoiando e esixindo o cumprimento deste mandato legal ad intra e ad extra, de xeito que é pertinente dar operatividade á Sede Electrónica Municipal.

PROPOSTA DE ACORDO

Á vista do exposto, e para un mellor coñecemento e transparencia e sen prexuízo da divulgación a través de medios públicos de opinión e información, faise preciso que por esta Xunta de Goberno Local conforme a exposición emitida polo Secretario da Corporación, se estableza formalmente a entrada en funcionamento da Sede Electrónica coas vantaxes de presentación de documentación as 24 horas do día pechando o rexistro de entrada físico os sábados o que permitirá un aforro enerxético e de recursos netos cumprindo ademais co fixado no artigo 30.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro en relación co artigo 151.2 do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro.

ACORDO:

PRIMEIRO.—Establecer e identificar a sede electrónica do Concello do Grove, en aplicación do disposto no artigo 38 da Lei 40/2015, no enderezo <http://concellodogrove.sedelectronica.gal> co seguinte contido:

- a) A sede electrónica configúrase como o enderezo electrónico cuxa titularidade, xestión e administración corresponde ao Concello do Grove no exercicio das súas competencias, a través da cal a cidadanía accederá á información e aos servizos e trámites electrónicos do Concello do Grove.
- b) Esta sede electrónica do Concello de Grove será común a todos aqueles órganos e organismos públicos que integran a súa estrutura.
- c) O enderezo electrónico de referencia da sede electrónico do Concello do Grove é <http://concellodogrove.sedelectronica.gal> que será accesible directamente ou a través da web municipal.
- d) Correspóndelle a titularidade da sede electrónica ao Concello do Grove
- e) Na sede electrónica estará dispoñible tamén o procedemento para formular queixas e suxestións.

Ilmo. Concello do Grove



Ilmo. Concello do Grove

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo para xeral coñecemento no *BOP* de Pontevedra e en todas as localizacións telemáticas das que sexa titular o Concello do Grove e divulgar o contido e o seu espírito para xeral coñecemento tanto en galego como en castelán.”

E para que así conste e teña os efectos que correspondan, expídese este certificado coa salvidade do artigo 206 do R.D. 2568/1986 e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, por orde e co visto e praxe do Sr. alcalde

O Grove, 31 de xullo de 2017

Visto e praxe do alcalde
Jose A. Cacabelos Rico

ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE

Ilmo. Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358